
Release-Notes for Debian 13 (trixie)

Debian Documentation Team

2025-08-02

1. Introducción	3
1.1. Avise de erros neste documentos	3
1.2. Colaborando con informes de actualización	4
1.3. Fontes deste documento	4
2. Novidades en Debian 13	5
2.1. Arquitecturas compatibles	5
2.2. Que novidades hai na distribución?	6
2.2.1. Versión oficial para riscv64	6
2.2.2. Protexerse contra ataques ROP e COP/JOP en amd64 e arm64	6
2.2.3. Arranque mediante HTTP	6
2.2.4. Improved manual pages translations	6
2.2.5. Spell-checking support in Qt WebEngine web browsers	6
2.2.6. 64-bit time_t ABI transition	7
2.2.7. Debian progress towards reproducible builds	7
2.2.8. wcurl and HTTP/3 support in curl	7
2.2.9. BDIC Binary Hunspell Dictionary Support	7
2.2.10. Ambientes de escritorios e paquetes famosos	7
3. Instalación do Sistema	9
3.1. Que novidades hai no sistema de instalación?	9
3.2. Instalar as Mesturas Puras de Debian	10
3.3. Instalacións dende a nube	10
3.4. Contedores e imaxes de Máquinas Virtuais	10
4. Actualizar dende Debian 12 (bookworm)	11
4.1. Prepararse para a actualización	11
4.1.1. Faga copias de seguridade dos seus datos e configuracións	11
4.1.2. Informe aos usuarios con tempo	12
4.1.3. Prepárese para desconectar os servizos	12
4.1.4. Preparase para a recuperación	12
4.1.5. Preparar un ambiente seguro para a actualización	13
4.2. Comezar a partir dun Debian «puro»	14
4.2.1. Actualizar a 12 (bookworm)	14
4.2.2. Actualizar á última versión punto	14
4.2.3. Backports de Debian	14
4.2.4. Preparar a base de datos de paquetes	15

4.2.5.	Eliminar paquetes obsoletos	15
4.2.6.	Eliminar os paquetes non provenientes de Debian	15
4.2.7.	Eliminar ficheiros de configuración sobrantes	15
4.2.8.	Os compoñentes non-free e non-free-firmware	15
4.2.9.	Sección de actualizacións propostas	15
4.2.10.	Fontes non oficiais	16
4.2.11.	Desactivar bloqueos no APT	16
4.2.12.	Comprobar o estado do paquete	16
4.3.	Preparing APT sources files	17
4.3.1.	Engadir fontes de Internet a APT	17
4.3.2.	Engadir fontes APT dun servidor espello local	18
4.3.3.	Engadir fontes APT dun medio óptico	18
4.4.	Actualizar paquetes	19
4.4.1.	Gravar a sesión	19
4.4.2.	Actualizar a lista de paquetes	19
4.4.3.	Asegúrese de que ten espazo dabondo para actualizar	19
4.4.4.	Parar de supervisar sistemas	21
4.4.5.	Actualización mínima do sistema	21
4.4.6.	Actualizar o sistema	22
4.5.	Problemas que poden ocorrer durante a actualización	22
4.5.1.	Full-upgrade falla e salta con «Could not perform immediate configuration», ou con «Non foi posíbel facer a configuración inmediata»	22
4.5.2.	Eliminacións esperadas	22
4.5.3.	Conflitos ou bucles de dependencias	23
4.5.4.	Conflitos de ficheiros	23
4.5.5.	Cambios na configuración	23
4.5.6.	Cambiar a sesión á consola	24
4.6.	Actualizar o núcleo e paquetes relacionados	24
4.6.1.	Instalar un núcleo coma metapaquete	24
4.6.2.	64-bit little-endian PowerPC (ppc64el) page size	25
4.7.	Prepararse para a seguinte versión	25
4.7.1.	Purgar paquetes eliminados	25
4.8.	Paquetes obsoletos	26
4.8.1.	Paquetes temporais alfaremes	26
5.	Problemas a ter en conta con trixie	27
5.1.	Información necesaria para actualizar a trixie	27
5.1.1.	Redúcese o esforzo para i386	27
5.1.2.	MIPS architectures removed	28
5.1.3.	The temporary-files directory /tmp is now stored in a tmpfs	28
5.1.4.	Eliminada a arquitectura de MIPS de 64 bits con extremidade pequena (mips64el)	28
5.1.5.	OpenSSH xa non admite chaves DSA	28
5.1.6.	Substituíronse as ordes last, lastb e lastlog	29
5.1.7.	Encrypted filesystems need systemd-cryptsetup package	29
5.1.8.	Default encryption settings for plain-mode dm-crypt devices changed	29
5.1.9.	RabbitMQ no longer supports HA queues	30
5.1.10.	A partir de trixie non se poderán empregar as colas de alta dispoñibilidade (HA) en rabbitmq-server . Se inda as precisa, terá que mudar as colas a consenso («quorum queues»).	30
5.1.11.	As actualizacións de versións de MariaDB só funcionan tras un apagado limpo	30
5.1.12.	Ping xa non precisa de permisos de administración	30
5.1.13.	Network interface names may change	31
5.1.14.	Cambios na configuración de Dovecot	31
5.1.15.	Grandes cambios no empaquetado de libvirt	31
5.1.16.	Samba: Active Directory Domain Controller packaging changes	32

5.1.17.	Samba: VFS modules	32
5.1.18.	OpenLDAP TLS now provided by OpenSSL	32
5.1.19.	bacula-director: Database schema update needs large amounts of disk space and time	32
5.1.20.	dpkg: warning: unable to delete old directory:	32
5.1.21.	Skip-upgrades are not supported	33
5.1.22.	WirePlumber has a new configuration system	33
5.1.23.	strongSwan migration to a new charon daemon	33
5.1.24.	udev properties from sg3-utils missing	33
5.1.25.	Things to do before rebooting	33
5.2.	Cousas non exclusivas do proceso de actualización	33
5.2.1.	Os directorios /tmp e /var/tmp agora límpanse regularmente	33
5.2.2.	systemd message: System is tainted: unmerged-bin	34
5.2.3.	Limitacións na asistencia técnica sobre seguridade	34
5.2.4.	Problems with VMs on 64-bit little-endian PowerPC (ppc64el)	35
5.3.	Obsolescencia e deprecación	35
5.3.1.	Paquetes obsoletos importantes	35
5.3.2.	Compoñentes deprecados para trixie	35
5.4.	Fallos graves coñecidos	36
6.	Máis información en Debian	39
6.1.	Lecturas recomendadas	39
6.2.	Obter axuda	39
6.2.1.	Listas de correo	39
6.2.2.	Internet Relay Chat (IRC)	40
6.3.	Informar de erros	40
6.4.	Colaborar con Debian	40
7.	Xestionar o seu sistema bookworm antes de actualizar	41
7.1.	Actualizando o seu sistema bookworm	41
7.2.	Checking your APT configuration	41
7.3.	Actualizar á última versión de bookworm	42
7.4.	Eliminar ficheiros de configuración obsoletos	42
8.	Contribuíntes das Notas da Versión	43

O Proxecto de Documentación de Debian <<https://www.debian.org/doc>>.

Última actualización realizada no: 2025-08-02

Este programa é software libre: vostede pode redistribuílo e/ou modificalo baixo os termos da Licenza pública Xeral de GNU versión 2, publicada pola Free Software Foundation.

Este programa é distribuído coa esperanza de que sexa útil, pero SEN NINGUNHA GARANTÍA; nin sequera a garantía implícita de COMERCIALIDADE ou ADECUACIÓN PARA ALGÚN PROPÓSITO PARTICULAR. Consulte a Licenza Pública Xeral GNU para máis información.

You should have received a copy of the GNU General Public License along with this program; if not, the license text can also be found at <https://www.gnu.org/licenses/gpl-2.0.html> and in `/usr/share/common-licenses/GPL-2` on Debian systems.

CAPÍTULO 1

Introdución

O obxectivo deste documento é informar aos usuarios da distribución Debian sobre os principais cambios na versión 13 (alcumada trixie).

As notas da versión conteñen máis información sobre como se pode actualizar de forma segura dende a versión 12 (alcumada bookworm) á versión actual e informan aos usuarios dos posibles problemas que se sabe poden ocorrer.

Podes obter a última versión deste documento en <https://www.debian.org/releases/trixie/releasenotes>.

Caution: Teña en conta que é imposible amosar todos os problemas que se coñecen, polo que foi necesario facer unha selección baseándose na probabilidade de que ocorran e o seu impacto.

Lembre que só lle damos asistencia técnica para actualizar dende a versión de Debian anterior (neste caso, actualizar dende bookworm). Se necesitas actualizar dende versións anteriores, suxerímoslle que lea as edicións anteriores das notas da versión e actualice antes a bookworm.

1.1 Avise de erros neste documentos

Probamos todos os diferentes pasos descritos neste documento para realizar a actualización e intentamos anticiparnos a todos os problemas que se poidan atopar os nosos usuarios.

De todas formas se vostede cre que atopou un fallo (información errónea ou ausente) nesta documentación, por favor abra unha petición no [sistema de seguimento de fallos](#) sobre o paquete **release-notes**. Revise os [informes de fallos anteriores](#) en caso de que alguén xa informara sobre o problema que atopou. Engada sen medo nova información aos informes xa existentes se pode contribuír con contido para este documento.

Agradecemoslle, e animámoslle, a que engada parches nas fontes do documento xunto cos informes. Pode obter máis información de como obter as fontes deste documento en [Fontes deste documento](#).

1.2 Colaborando con informes de actualización

Toda colaboración por parte dos usuarios relacionada coas actualizacións dende bookworm a trixie é benvinda. Se esta disposto a compartir información por favor abra unha petición no [sistema de seguimento de fallos](#) sobre o paquete **upgrade-reports** coas súas achegas. Pedímoslle que comprima todos os ficheiros que engada (usando gzip).

Por favor inclúa a seguinte información cando envíe o seu informe de actualización:

- O estado da súa base de datos de paquetes antes e despois da actualización: O estado da base de datos de **dpkg** pódese obter dende `/var/lib/dpkg/status`; tamén engada o estado dos paquetes de **apt**, indicado en `/var/lib/apt/extended_states`. Debería ter feito unha copia de seguridade antes de actualizar, tal como se indica en *Faga copias de seguridade dos seus datos e configuracións*, pero tamén pode atopar copias de seguridade de `/var/lib/dpkg/status` en `/var/backups`.
- Os rexistros da sesión creados con **script**, tal como se indica en *Gravar a sesión*.
- Os seus rexistros de **apt**, dispoñibles en `/var/log/apt/term.log`; ou os rexistros de **aptitude**, dispoñibles en `/var/log/aptitude`.

Note: Debería revisar con calma e eliminar calquera información persoal e/ou confidencial dos rexistros antes de incluílos no seu informe de fallos, posto que a información publicárase nunha base de datos pública.

1.3 Fontes deste documento

As fontes deste documento están en formato DocBook XML<indexterm><primary>DocBook XML</primary></indexterm>. A versión HTML é xerada con <systemitem role=>package>>docbook-xsl</systemitem> e <systemitem role=>package>>xsltproc</systemitem>. A versión en PDF xérase usando <systemitem role=>package>>dblatex</systemitem> ou <systemitem role=>package>>xmlroff</systemitem>. As fontes das Notas de Versión atópanse no repositorio Git do *Proxecto de Documentación Debian*. Pode usar a [interface na rede](#) para acceder aos ficheiros individuais a través da rede e ver os seus cambios. Para máis información sobre como acceder a Git consulte as [páxinas de información sobre SCV](#) do Proxecto de Documentación Debian.

Novidades en Debian 13

A [Wiki](#) ten máis información sobre este tema.

2.1 Arquitecturas compatibles

As seguintes arquitecturas teñen compatibilidade oficial para Debian 13:

- PC de 64 bits (`amd64`)
- ARM de 64 bits (`arm64`)
- ARM EABI (`armel`)
- ARMv7 (EABI con coma flotante en circuío, `armhf`)
- PowerPC con extremidade pequena (`ppc64el`)
- RISC-V de 64 bits con extremidade pequena (`riscv64`)
- IBM System z (`s390x`)

Ademáis, para sistemas de PC de 64 bits, está dispoñible un entorno de usuario de 32 bits (`i386`) parcial. Véxase *Redúcese o esforzo para i386* para máis información.

Pode obter máis información sobre o estado da adaptación e información específica a cada adaptación nas [páxinas sobre as arquitecturas de Debian](#).

2.2 Que novidades hai na distribución?

2.2.1 Versión oficial para riscv64

Esta é a primeira versión en saír oficialmente para a arquitectura riscv64, permitindo que as usuarias executen Debian en máquinas RISC-V de 64 bits, e beneficiándose de todas as características de Debian 13.

Para máis información sobre riscv64 en Debian, consulte a [Wiki](#).

2.2.2 Protexerse contra ataques ROP e COP/JOP en amd64 e arm64

trixie introduce características de seguridade nas arquitecturas amd64 e arm64, deseñadas para mitigar os ataques [Programación Centrada en Devolucións \(ROP\)](#) e Programación Orientada a Chamadas/Saltos (COP/JOP).

No caso de amd64, emprégase a tecnoloxía de Intel para asegurar o control de fluxo (CET) e protexerse de ROP e COP/JOP. Para arm64 emprégase a autenticación de punteiros (PAC) para protexerse de ROP, e a identificación da póla obxectivo (BTI) para COP/JOP.

Estas características actívanse automaticamente se o permite a máquina. En amd64 consulte a [documentación de Linux](#) e a [de Intel](#), e en arm64 consulte a [Wiki](#) e a [documentación de ARM](#), que inclúen información sobre como mirar se o seu procesador ten CET e PAC/BTI, e como funcionan.

2.2.3 Arranque mediante HTTP

Xa se poden arrancar as imaxes en vivo e do instalador empregando o arranque por HTTP no «firmware» UEFI e U-Boot que o permita.

Nos sistemas con [TianoCore](#) vaia ao menú *Device Manager* (Xestor de Dispositivos), escolla *Network Device List* (Lista de Dispositivos en Rede), escolla a interface de rede, escolla *HTTP Boot Configuration* (Configurar o Arranque por HTTP) e escriba a URL completa da ISO a arrancar.

Para calquera outro tipo de «firmware», consulte a súa documentación correspondente.

2.2.4 Improved manual pages translations

The *manpages-l10n* project has contributed many improved and new translations for manual pages. Especially Romanian and Polish translations are greatly enhanced since bookworm.

2.2.5 Spell-checking support in Qt WebEngine web browsers

Web browsers based on Qt WebEngine, notably Privacy Browser and Falkon, now support spell-checking using hunspell data. The data is available in the BDIC binary dictionary format shipping in each Hunspell language package for the first time in Trixie.

More information is available in the related [bug report](#).

2.2.6 64-bit `time_t` ABI transition

All architectures other than `i386` now use a 64-bit `time_t` ABI, supporting dates beyond 2038.

On 32-bit architectures (`armel` and `armhf`) the ABI of many libraries changed without changing the library «soname». On these architectures, third-party software and packages will need to be recompiled/rebuilt, and checked for possibly silent data loss.

The `i386` architecture did not participate in this transition, since its primary function is to support legacy software.

More details can be found on the [Debian wiki](#).

2.2.7 Debian progress towards reproducible builds

Debian contributors have made significant progress toward ensuring package builds produce byte-for-byte reproducible results. You can check the status for packages installed on your system using the new package **debian-repro-status**, or visit reproduce.debian.net for Debian's overall statistics for trixie and later.

You can contribute to these efforts by joining `#debian-reproducible` on IRC to discuss fixes, or verify the statistics by installing the new **rebuilderd** package and setting up your own instance.

2.2.8 `wcurl` and HTTP/3 support in `curl`

Both the `curl` CLI and `libcurl` now have support for HTTP/3.

HTTP/3 requests can be made with the flags `--http3` or `--http3-only`.

The **curl** package now ships `wcurl`, a `wget` alternative that uses `curl` to perform downloads.

Downloading files is as simple as `wcurl URL`.

2.2.9 BDIC Binary Hunspell Dictionary Support

Trixie ships `.bdic` binary dictionaries compiled from Hunspell source for the first time in Debian. The `.bdic` format was developed by Google for use in Chromium. It can be used by Qt WebEngine, which is derived from Chromium's source. Web browsers based on Qt WebEngine can take advantage of the provided `.bdic` dictionaries if they have appropriate upstream support. More information is available in the related [bug report](#).

2.2.10 Ambientes de escritorios e paquetes famosos

This new release of Debian comes with a lot more software than its predecessor bookworm; the distribution includes over 14116 new packages, for a total of over 69830 packages. Most of the software in the distribution has been updated: over 44326 software packages (this is 63 % of all packages in bookworm). Also, a significant number of packages (over 8844, 12 % of the packages in bookworm) have for various reasons been removed from the distribution. You will not see any updates for these packages and they will be marked as «obsolete» in package management front-ends; see [Paquetes obsoletos](#).

Debian again ships with several desktop applications and environments. Among others it now includes the desktop environments GNOME 48, KDE Plasma 6.3, LXDE 13, LXQt 2.1.0, and Xfce 4.20.

As aplicacións de produtividade tamén foron actualizadas, xunto cos programas de ofimática:

- LibreOffice is upgraded to version 25;
- GNUMcash is upgraded to 5.10;

Esta actualización inclúe as actualizacións dos seguintes programas, entre outros:

Paquete	Versión en 12 (bookworm)	Versión en 13 (trixie)
Apache	2.4.62	2.4.64
Bash	5.2.15	5.2.37
Servidor DNS BIND	9.18	9.20
Cryptsetup	2.6	2.7
curl/libcurl	7.88.1	8.14.1
Emacs	28.2	30.1
Exim (servidor de correo predeterminado)	4.96	4.98
GCC, a Colección de Compiladores de GNU (compilador predeterminado)	12.2	14.2
GIMP	2.10.34	3.0.4
GnuPG	2.2.40	2.4.7
Inkscape	1.2.2	1.4
a biblioteca C de GNU	2.36	2.41
Linux kernel	series 6.1	series 6.12
Conxunto de ferramentas LLVM/Clang	13.0.1 e 14.0 (por omisión) e 15.0.6	19 (por omisión), 17 e 18 dispoñible
MariaDB	10.11	11.8
Nginx	1.22	1.26
OpenJDK	17	21
OpenLDAP	2.5.13	2.6.10
OpenSSH	9.2p1	10.0p1
OpenSSL	3.0	3.5
Perl	5.36	5.40
PHP	8.2	8.4
Postfix	3.7	3.10
PostgreSQL	15	17
Python 3	3.11	3.13
Rustc	1.63	1.85
Samba	4.17	4.22
Systemd	252	257
Vim	9.0	9.1

Instalación do Sistema

O Instalador de Debian é o instalador de sistemas oficial para Debian. Permite escoller entre unha variedade de métodos de instalación. Os métodos dispoñibles para a instalación no seu sistema dependen da súa arquitectura.

Pódense atopar imaxes do instalador para trixie xunto coa Guía de Instalación na páxina de Debian (<https://www.debian.org/releases/trixie/debian-installer/>).

A Guía de Instalación tamén se inclúe no primeiro disco do paquete oficial de discos DVD de Debian (CD/Blu-Ray) dispoñible en:

`/doc/install/manual/language/index.html`

Tamén lle pode interesar a lista de erratas para debian-installer en <https://www.debian.org/releases/trixie/debian-installer#errata>), para obter unha lista dos problemas coñecidos.

3.1 Que novidades hai no sistema de instalación?

Houbo moito desenvolvemento no Instalador de Debian dende a versión oficial anterior Debian 12, o que se traduce nunha mellor compatibilidade cos dispositivos e algunhas novas propiedades e melloras.

Se esta interesado nun resumo detallado dos cambios feitos respecto a bookworm consulte o aviso da versión para as versións beta e RC de trixie dispoñibles no [rexistro de novas](#) do Instalador de Debian.

3.2 Instalar as Mesturas Puras de Debian

Pódese acceder a unha selección de Mesturas Puras de Debian, como poden ser Debian Junior (para crianzas), Debian Science (para ciencia) ou Debian FreedomBox; directamente dende o instalador. Para máis información consulte a [guía de instalación](#).

Vexa <https://www.debian.org/blends/> ou a [wiki](#) para máis información sobre as Mesturas Puras de Debian.

3.3 Instalacións dende a nube

O [equipo da nube](#) publica Debian trixie para varios servizos coñecidos de computación na nube, incluíndo:

- Amazon Web Services
- Microsoft Azure
- OpenStack
- MV xenérica

As imaxes da nube provén pancas automáticas mediante `cloud-init` e priorizan un arranque rápido usando paquetes do núcleo e configuracións do GRUB especificamente optimizados. As imaxes compatibles con diferentes arquitecturas están dispoñibles onde se necesitaren e o equipo da nube pensa en espremer ao límite todas as vantaxes que ofrece o servizo na nube.

O equipo da nube publicará imaxes actualizadas ate o fin do período de mantemento a longo prazo [LTS] de trixie. Normalmente sácanse novas imaxes tras cada nova versión e tras cada actualización de seguridade para os paquetes máis importantes. As políticas de mantemento do equipo da nube pódense atopar na páxina [Ciclo de vida de Imaxes para a Nube](#).

Máis información en <https://cloud.debian.org/> e na [wiki](#).

3.4 Contedores e imaxes de Máquinas Virtuais

Están dispoñibles imaxes de contedores de varias arquitecturas con Debian trixie en [Docker Hub](#). Ademais das imaxes normalizadas tamén está dispoñible unha variante *estilizada* que reduce o uso do disco.

Actualizar dende Debian 12 (bookworm)

4.1 Prepararse para a actualización

Suxerímoslle que antes de actualizar tamén lea a información en *Problemas a ter en conta con trixie*. Ese capítulo trata os problemas que se poden atopar e que non están directamente relacionados co proceso de actualización, pero que de todas formas poden ser importante coñecelos antes de comezar.

4.1.1 Faga copias de seguridade dos seus datos e configuracións

Antes de actualizar o seu sistema recomendámoslle que faga unha copia de seguridade completa, ou polo menos faga copias de seguridade dos seus datos e configuracións que lle sexan imprescindibles. As ferramentas e procesos de actualización son bastante fiables, pero se lle ocorre algo ao ordenador no medio dunha instalación pode quedar cun sistema moi danado.

Ao facer as copias de seguridade ocúpese primeiro dos contidos de `/etc`, `/var/lib/dpkg`, `/var/lib/apt/extended_states` e a saída de:

```
$ dpkg --get-selections '*' # (the quotes are important)
```

Se usa `aptitude` para xestionar os paquetes do sistema tamén terá que facer copias de `/var/lib/aptitude/pkgstates`.

O proceso de actualización en si non modifica nada do cartafol `/home`. Porén, algunhas aplicacións (p.e partes da suite de Mozilla e os ambientes de escritorio GNOME e KDE) poden sobrescribir as configuracións de usuario existentes con valores por omisión cando se inicia por primeira vez unha versión. Como precaución, debería facer unha copia de seguridade dos ficheiros e cartafols ocultos («ficheiros punto») no cartafol propio de cada usuario. Esta copia de seguridade pode axudar a restaurar ou recrear as configuracións previas. Tamén lles debería informar aos usuarios disto.

Calquera operación de instalación de paquetes deberase executar con permisos de superusuario, polo que acceda coma `root`, usando `su` ou `sudo` para ter os permisos necesarios.

A actualización ten algunhas precondicións; deberíaas consultar antes sequera de comezar a actualización.

4.1.2 Informe aos usuarios con tempo

It's wise to inform all users in advance of any upgrades you're planning, although users accessing your system via an ssh connection should notice little during the upgrade, and should be able to continue working.

Se quere ser máis cautelosos, faga copias de seguridade ou desmonte a partición `/home` antes de actualizar.

O núcleo actualizarase cando se actualice a trixie, polo que terá que reiniciar. Normalmente isto faise despois de que remate a actualización.

4.1.3 Prepárese para desconectar os servizos

Poden haber servizos ofrecidos polo sistema que están asociados cos paquetes que están incluídos na actualización. Se isto é así os servizos se pararán durante a actualización mentres o paquete correspondente é substituído e configurado. Durante este tempo estes servizos non estarán dispoñibles.

O tempo exacto que tarde o sistema en estar operativo dependerá do número de paquetes a actualizar, e tamén inclúe o tempo que o administrador tarde respondendo as preguntas de configuración durante a actualización dos paquetes. Teña en conta que se non esta atento durante o proceso de actualización e o sistema fai preguntas é probable que os servizos non estean dispoñibles¹ durante bastante tempo.

Se o sistema a actualizar prové servizos críticos para os usuarios ou para a rede², pódese reducir o tempo que non estea dispoñible se actualiza o mínimo do sistema, tal como se describe en *Actualización mínima do sistema*, seguido dunha actualización do núcleo e reiniciar. Por último, actualízanse os paquetes asociados cos servizos críticos. Actualice estes paquetes antes de facer unha actualización completa, descrita en *Actualizar o sistema*. Desta forma pode estar seguro de que estes servizos críticos seguen a funcionar durante a actualización, tarde o que tarde.

4.1.4 Preparase para a recuperación

Inda que Debian intenta que o seu sistema arranque sempre, sempre pode ser que atope problemas ao reiniciar tras unha actualización. Algúns problemas coñecidos están documentados neste e no resto dos capítulos das Notas da Versión.

Por esta razón asegúrese de que é capaz de recuperar o sistema se non o pode arrancar ou, nos sistemas de acceso remoto, non poda conectarte á rede.

Se está actualizando de forma remota a través de ssh recomendámoslle de que tome as precaucións necesarias para poder acceder ao servidor a través dunha terminal remota. Existe a posibilidade de que, tras actualizar o núcleo e reiniciar, deberá arranxar a configuración do sistema dende unha consola local. E, se o sistema se reiniciara durante a instalación, pode ser que teña que arranxar o sistema dende unha consola local.

Para recuperacións de emerxencia recomendamos usar o *modo de recuperación* do Instalador de Debian trixie. A vantaxe de usar o instalador é que pode escoller entre moitos métodos para atopar cal é o que mellor se adapta á súa situación. Para máis información, por favor consulte a sección «Recuperando un Sistema Escachado» («Recovering a Broken System» na versión inglesa) no capítulo 8 da Guía de Instalación (en <https://www.debian.org/releases/trixie/installmanual>) e as *Preguntas Frecuentes do Instalador de Debian*.

Se iso falla necesitará outra forme de arrancar o sistema para podelo reparar. Unha forma é usando a imaxe especial de recuperación, ou unha imaxe dun *sistema en memoria*. Despois de arrancar con iso debería montar o seu sistema de ficheiros raíz e cambiar a el con `chroot` para investigar e arranxar o problema.

¹ Se a prioridade de `debconf` está moi alta pode que non aparezan as preguntas de configuración, pero os servizos que usen respostas por omisión que non son aplicables ao seu sistema non funcionarán.

² Por exemplo: os servizos DNS ou DHCP, especialmente cando non haxa outrossistemas redundantes que sigan a funcionar entrementes. No caso do DHCP os usuarios pode que queden desconectados da rede se o tempo de caducidade do préstamo é menor que o tempo que tarde en actualizarse.

Consola de depuración durante o arranque usando initrd

O paquete **initramfs-tools** inclúe unha terminal de ordes para a depuración³ nos initrd que xera. Se por exemplo o initrd non é capaz de montar o seu sistema de ficheiros raíz entre nesta consola de depuración, que inclúe comandos básicos, para axudar a discernir o problema e arranxalo.

Cousas básicas a ter en conta: que estean os ficheiros correctos dos dispositivos en `/dev`, que módulos se cargarán (`cat /proc/modules`), e a saída de `dmesg`, para atopar erros ao cargar controladores. A saída de `dmesg` tamén amosará que ficheiros de dispositivo foron asignados a cada disco; debería contrastalo contra a saída de `echo $ROOT` para estar seguro de que o sistema de ficheiros raíz está no dispositivo axeitado.

Se non consegue arranxar o problema, escribindo `exit` sacarlle da consola de depuración e continuará o proceso de arranque dende o punto onde fallou. Por suposto tamén terá que arranxar o problema subxacente e rexenerar o initrd para que non falle no seguinte arranque.

Consola de depuración durante o arranque usando systemd

Se o arranque falla con systemd é posíbel obter unha consola de depuración superusuario cambiando a liña de ordes do núcleo. Se se acaba un arranque básico pero algúns servizos fallan pode ser útil engadirlle `systemd.unit=rescue.target` aos parámetros do núcleo.

Se non, o parámetro do núcleo `systemd.unit=emergency.target` daralle unha consola de superusuario o antes que poida. Porén, isto faise antes de montar o sistema de ficheiros raíz con permisos lectura-escritura. Terá que facelo manualmente con:

```
# mount -o remount,rw /
```

Outra opción é activar a «consola de depuración temperá» de systemd, mediante `debug-shell.service`. No seguinte arranque iniciárase unha consola como superusuario no `tty9`, moi cedo no proceso de arranque. Isto se pode activar mediante o parámetro de arranque do núcleo `systemd.debug-shell=1`, ou de forma permanente executando a orde `systemctl enable debug-shell`. Neste último caso a consola deberá desactivarse tras rematar a depuración.

Pode atopar máis información sobre como depurar un arranque falido con systemd no artigo [Freedesktop.org Diagnosing Problems with Arranque](https://freedesktop.org/Diagnosing-Problems-with-Arranque).

4.1.5 Preparar un ambiente seguro para a actualización

Important: Se estas a usar algún servizo VPN (por exemplo **tinc**) pense que pode ser que non estean dispoñibles durante a actualización. Véxase *Prepárese para desconectar os servizos*.

In order to gain extra safety margin when upgrading remotely, we suggest that you run upgrade processes in a virtual console provided by the `screen` or `tmux` programs, which enables safe reconnection and ensures the upgrade process is not interrupted even if the remote connection process temporarily fails.

Os usuarios do daemon watchdog, no paquete **micro-evtd**, deberían parar o daemon e desactivar o temporizador antes da actualización, para evitar un reinicio espurio no medio da actualización:

```
# service micro-evtd stop
# /usr/sbin/microap1 -a system_set_watchdog off
```

³ Esta posibilidade pódese desactivar engadindo o parámetro de arranque `panic=0`.

4.2 Comezar a partir dun Debian «puro»

O proceso de actualización descrito neste capítulo foi deseñado para sistemas Debian «puros» e estables. APT controla o que se instala no seu sistema. Se a súa configuración de APT menciona outras fontes, sen contar bookworm, ou se instalou paquetes de outras versións ou de terceiros, deberías pensar en borrar estas posibles molestias para asegurarte de que a actualización non sufra contratempos.

APT is moving to a different format for configuring where it downloads packages from. The files `/etc/apt/sources.list` and `*.list` files in `/etc/apt/sources.list.d/` are replaced by files still in that directory but with names ending in `.sources`, using the new, more readable (deb822 style) format. For details see [sources.list\(5\)](#). Examples of APT configurations in these notes will be given in the new deb822 format.

If your system is using multiple sources files then you will need to ensure they stay consistent.

4.2.1 Actualizar a 12 (bookworm)

Só se debe actualizar Debian dende 12 (bookworm). Pódese ver a versión de Debian con:

```
$ cat /etc/debian_version
```

Please follow the instructions in the Release Notes for Debian 12 at <https://www.debian.org/releases/bookworm/releasenotes> to upgrade to Debian 12 first if needed.

4.2.2 Actualizar á última versión punto

Este proceso asume que o seu sistema está actualizado á última versión punto algo de bookworm. Se non fixo iso ou non está seguro, siga as instrucións en *Actualizando o seu sistema bookworm*.

4.2.3 Backports de Debian

Os [Backports de Debian](#), tamén chamadas modernizacións, versións actualizadas retroactivamente ou parches de mantemento; permiten que os usuarios de Debian estable poidan usar versións actualizadas dos paquetes (cunha posíbel mingua na seguridade e comprobación de calidade). O Equipo dos Backports de Debian mantén unha porcentaxe de todos os paquetes da seguinte versión de Debian, axustándoos e recompilándoos para que se poidan usar na versión estable actual.

Os paquetes de bookworm-backports teñen un número de versión menor ca en trixie, para que se actualicen sen problemas a trixie, do mesmo xeito ca os paquetes «puros» en bookworm, ao actualizar a distribución. Inda que non se introducen fallos coñecidos, a actualización dende versións «backports» está menos manido, e, polo tanto, supón un risco maior.

Caution: While regular Debian Backports are supported, there is no clean upgrade path from [sloppy](#) backports (which use APT sources entries referencing bookworm-backports-sloppy).

As with [Unofficial sources](#), users are advised to remove «bookworm-backports» entries from their APT sources files before the upgrade. After it is completed, they may consider adding «trixie-backports» (see <https://backports.debian.org/Instructions/>).

For more information, consult the [Backports Wiki](#) page.

4.2.4 Preparar a base de datos de paquetes

You should make sure the package database is ready before proceeding with the upgrade. If you are a user of another package manager like **aptitude** or **synaptic**, review any pending actions. A package scheduled for installation or removal might interfere with the upgrade procedure. Note that correcting this is only possible if your APT sources files still point to «bookworm» and not to «stable» or «trixie»; see *Checking your APT configuration*.

4.2.5 Eliminar paquetes obsoletos

É unha boa idea [eliminar os paquetes obsoletos](#) do sistema antes de actualizar. Poden crear complicacións durante o proceso de actualización, e poden converterse nun risco de seguridade ao non ter mantemento.

4.2.6 Eliminar os paquetes non provenientes de Debian

Embaixo hai dúas maneiras de atopar os paquetes que non foran instalados por Debian, usando tanto **apt** coma **apt-forktracer**. Teña en conta que ningún dos dous é totalmente exacto (p. e. o exemplo que usa **apt** amosará os paquetes que Debian deixou de distribuír, como núcleos vellos).

```
$ apt list '?narrow(?installed, ?not(?origin(Debian)))'
$ apt-forktracer | sort
```

4.2.7 Eliminar ficheiros de configuración sobrantes

Unha actualización previa pode haber deixado duplicas dos ficheiros de configuración, *versións anteriores* dos ficheiros, versións engadidas polos mantedores dos paquetes, etc. Eliminar os ficheiros sobrantes desas actualizacións previas axuda a reducir as confusións. Atope tales ficheiros con:

```
# find /etc -name '*.dpkg-*' -o -name '*.ucf-*' -o -name '*.merge-error'
```

4.2.8 Os compoñentes non-free e non-free-firmware

If you have non-free firmware installed it is recommended to add **non-free-firmware** to your APT sources.

4.2.9 Sección de actualizacións propostas

If you have listed the **proposed-updates** section in your APT sources files, you should remove it before attempting to upgrade your system. This is a precaution to reduce the likelihood of conflicts.

4.2.10 Fontes non oficiais

If you have any non-Debian packages on your system, you should be aware that these may be removed during the upgrade because of conflicting dependencies. If these packages were installed by adding an extra package archive in your APT sources files, you should check if that archive also offers packages compiled for trixie and change the source item accordingly at the same time as your source items for Debian packages.

Some users may have *unofficial* backported «newer» versions of packages that *are* in Debian installed on their bookworm system. Such packages are most likely to cause problems during an upgrade as they may result in file conflicts⁴. *Possible issues during upgrade* has some information on how to deal with file conflicts if they should occur.

4.2.11 Desactivar bloqueos no APT

Se configurou APT para que instale algúns paquetes dende distribucións distintas á estable (p. e. dende a de probas), pode ser que teña que cambiar a súa configuración de bloqueo de paquetes (gardada en `/etc/apt/preferences` e `/etc/apt/preferences.d/`) para permitir a actualización dos paquetes ás versións na nova versión estable. Para máis información sobre o bloqueo de paquetes consulte [apt_preferences\(5\)](#).

4.2.12 Comprobar o estado do paquete

Sen importar o método que use para actualizar, recoméndase que se comprobe o estado de todos os paquetes primeiro, e que se comprobe que todos os paquetes se poden actualizar. As seguintes ordes amosarán calquera paquete que estea marcado como parcialmente instalado («Half-Installed») ou que non se puido configurar («Failed-Config»), xunto con aqueles que teñan calquera erro.

```
$ dpkg --audit
```

Tamén pode consultar o estado de todos os paquetes no seu sistema usando `aptitude`, ou con ordes tales coma

```
$ dpkg -l
```

ou

```
